

Autor: **TXABI ARNAL**
Ilustradora: **NEUS BRUGUERA**
Tradución: **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 27x21 cm.
40 páxinas en color.

Dispoñible en:

-Galego: "Furacán"
MareMar. ISBN 978-84-8464-636-5

-Castelán: "Huracán"
Libros para Soñar. ISBN 978-84-92608-11-9

Prezo: 15 €

FURACÁN



Comezou sendo unha brisa agradable. Moi agradable. Pouco a pouco a brisa gañou velocidade. Converteuse en vento, por veces trouleiro, por veces molesto. Despois o vento soprou con máis forza, con carraxe, e transformouse en vendaval, un vendaval que roubou as follas das árbores, os chapeus das cabezas, as tellas dos tellados e o equilibrio dos ciclistas. O vendaval medrou ata converterse nun furacán.

Txabi Arnal presenta un relato de gran beleza literaria construído a partir da idea do 'efecto bolboreta', un concepto que tamén enlaza coa 'teoría do caos'. O seu nome provén do proverbio chinés segundo o cal o bater de ás dunha bolboreta pódese sentir ao outro lado do mundo.

É a historia dunha intensa busca para desentrañar un misterio, na que se trenzan emocións e sensacións contrapostas. Un texto descritivo e cheo de figuras literarias, combinando frases curtas e oracións subordinadas, o que lle aporta intensidade ao relato, unha cualidade á que tamén contribúe o esquema narrativo, cunha estrutura repetitiva e acumulativa.

A súa mensaxe alude ao valor da sinxeleza e á forza que ten ata o ser máis delicado para inducir cambios en beneficio dun colectivo. Fronte ao furacán que atemoriza a todo un pobo, unha fráxil bolboreta é quen de devolverlles aos seus habitantes as cores que roubara o vento e cambiar así a tristeza pola ledicia.

Pero ás veces as apariencias resultan enganosas e caemos en prexuízos. E do mesmo xeito que subestimamos o poder da bolboreta, magnificamos inxustamente as intencións do furacán...

Dende o punto de vista artístico, as ilustracións de Neus Bruguera -a base de lapis de cores- destacan polo estilo xeométrico que a caracteriza e por un interesante xogo cromático: a paleta en branco e negro -asociada aos efectos negativos do furacán- contrasta coa policromía do resto das imaxes.

TXABI ARNAL (Ermua, Biskaia, 1967)

Licenciado en Xeografía e Historia, diplomado en Educación Infantil e profesor de Humanidades. Traballa nun colexio de Vitoria; tamén é profesor asociado da Universidade do País Vasco. Colabora con revistas especializadas en literatura infantil e xuvenil. Publicou material pedagóxico para varios proxectos educativos destinados a escolares de dous a catro anos. Ademais, escribiu varias obras para lectores adultos.

NEUS BRUGUERA (Barcelona, 1971)

Profesora e ilustradora de libros, carteis e revistas, traballos polos que recibiu varios galardóns. Foi finalista do premio Apel·les Mestres 2002-2003 e Premio Crítica Serra d'Or de Literatura Infantil e Xuvenil 2004. A súa obra defínese por un estilo sintético e simbólico, de composición limpa, no que enlaza a poesía visual co mundo do deseño. Ilustrou o libro de relatos "29 historias disparatadas", de Ursula Wölfel, editado por KALANDRAKA.

- **Temática:** o poder da sinxeleza
- **Idade recomendada:** a partir de 8 anos
- **Aspectos destacables:** relato literario inspirado na idea do 'efecto bolboreta'; da ilustradora de "29 historias disparatadas", editado por KALANDRAKA
- **Aplicacións:** reflexión sobre as apariencias; escrita creativa; introdución á filosofía

